

LIBROS

'Os Bicos de Tina', a nova novela de Eiré

Páx. 4

CINE

Bacifi, la cita anual para el cine rebelde en Argentina

Páx. 6

NÓS

Xornal

SUPLEMENTO DE CULTURA

10 DE ABRIL DE 2009. NÚMERO 18

DE LETRAS E VIÑETAS

Dous mundos moi activos na cultura galega actual conviven con pouca comunicación entre eles

cuqui
pequeno

osíño

peluxe

caélle

naris

non

gusta

lavadora

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

arañeiras

inexistente

asubio

mitos

Entre viñetas e letras, moito que

O tandem formado por Marilar Aleixandre e Fran Bueno, as colaboracións entre David Rubín e María Lado e o xogo visual que realizou Bieito Iglesias en Pan e coitelo son algúns dos escasos exemplos nos que os mundos da literatura e o cómic déronse a man en Galicia nos últimos anos. O camiño dun medio ao outro é pouco transitado. TEXTO DE A. LOSADA FOTO DE OLALLA LOJO

A LITERATURA é unha das formas de arte máis antigas que se coñecen, xa que en canto o home aprendeu a falar, non tardou en usar as palabras para narrar e emocionar. O cómic data, polo menos, dende que á xente do mundo antigo lles deu por tallar nas tumbas dos seus reis secuencias de imaxes que contaran unha historia. As dúas formas de expresión válese da linguaxe escrita, as dúas tiveron unha orixe con intencións narrativas e as dúas amosaron posteriormente que tamén podían ter unha grande capacidade para o lirismo. Outra semellanza, indo ao próximo, é que en Galicia tense producido unha gran proliferación de novos autores, que teñen contribuído co seu traballo a normalizar a produción cultural do país. Porén, os parecidos non abundan para romper o illamento no que se atopan hoxe os seus campos de actividade, e resulta moi raro que alguén salte dun lado ao outro, por descoñecemento mútuo e por falta de industrias culturais que o potencien, segundo

contan os protagonistas directos. “O certo é que nin os escritores nin os autores de tebeos fan esforzos especiais por tender pontes”, comenta a poeta María Lado, autora de *Berlin* e *Casa Atlántica*, *Casa Cabaré*, e responsable dun dos casos de colaboración entre letras e viñetas galegas. Formou parella artística en varias ocasións co debuxante ourensán David Rubín, sendo a máis salientable a publicación de *Nove*, un poemario con portada e ilustracións do ourensán. “As colaboracións con David son moi doadas. Coido que a poesía ten algo máis que ver coa linguaxe do cómic, porque permite empregar narrativas diferentes e porque emprega as palabras para construír imaxes”. Rubín, gañador do premio ao Autor Novel no Saló do Cómic de Barcelona e finalista do Premio Nacional de Historieta en 2007, por *La tetería del oso malayo*, argumenta de xeito semellante: “Cos tebeos

RUBÍN E LADO AFIRMAN QUE A POESÍA, ONDE O TEXTO SUXIRE IMAXES, É MÁIS PRÓXIMA Á LINGUAXE DO CÓMIC

tamén se pode facer poesía, porque as imaxes que ves, son quen de suxerir outras imaxes. É máis doado atopar nexos de unión na lírica”. Fran Bueno, un debuxante que dende Santiago traballa para Francia e os EEUU, explica que “o oficio de escribir libros e o de facer guións son moi distintos”. Ao pensar o argumento dun tebeo “hai que estar pendente ante todo de visualizar a acción, non de describila con palabras” e, ademais, mentres que un novelista é “dono e señor da súa creación”, un guionista ten que traballar en equipo. Bueno logrou formar un deses duetos creativos que as veces se dan no mundo do cómic con Marilar Aleixandre, gañadora do Premio Merlín, do Álvaro Cunqueiro e doutros moitos polo seu labor na literatura infantil e xuvenil. Colaboraron por primeira vez nun conto chamado *O monstro da chuvia*, seguida por varios traballos

institucionais e a serie *Os escachapedras*, publicada na revista *Golfiño* e aínda inconclusa. “Estamos a ver se a rematamos para publicala nun álbum”, comenta Aleixandre.

CADA UN NO SEU LADO Porén, tanto María Lado como Marilar Aleixandre son lectoras habituais de tebeos e confesan un interese persoal por probar os códigos da novena arte. En 2007, ambas as dúas, con Rubín e Bueno, participaron nun proxecto da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, no que tiñan que crear unha historia a partir dun debuxo, invertendo o proceso habitual da ilustración de libros. Non foron os únicos equipos que traballaron nesa iniciativa, pero si os únicos que tiveron continuidade. Alberte Lema, narrador responsable do poemario *Plan de Fuga* e da novela *Unha puta percorre Europa*, comenta que nunca se lle ocorreu a posibilidade de traballar nun proxecto no campo do cómic, “teño contacto con algúns deles, porque este é un país



Libros e cómics mesturados na librería Couceiro de Santiago

andar

pequeno e nos coñecemos todos, e sei de traballos conxuntos, pero non é ese o meu caso”. “Coido que é un pouco por descoñecemento mutuo”, explica Samuel Solleiro, autor de *Elexías a Deus e ao Diaño*, “Eu leo cómics, pero pouco do que se fai en Galicia, o que máis me impactou ultimamente foi o *Jimmy Corrigan* de Chris Ware. E penso que aos autores de tebeos pásalles igual, que non son consumidores da literatura feita dende aquí”. Diego Blanco, un dos autores máis novos do colectivo de banda deseñada Polaquia, dálle a razón: “Eu son moi lector, pero consumo sobre todo literatura de xénero, fantasía ou ciencia ficción, que non está moi desenvolvida en Galicia. Supoño que teño uns gustos distintos á maioría dos escritores de aquí”. A súas únicas colaboracións artísticas foron con Kike Benlloch, un dos poucos guionistas de cómics a tempo completo que traballan en Galicia. Entre os dous asinaron a interesante *Pinche Mundo*. Emma Ríos, tamén autora en Polaquia e que ven de asinar varias colaboracións como debuxante

nos Estados Unidos, reconece directamente que “non está nada metida na vida cultural galega”. Precisamente nestes momentos está a colaborar cun escritor, o segoviano Ricardo Gómez, para realizar unha adaptación ao cómic do *Amadís de Gaula*, por encargo da editorial SM. Cando historietista e escritor traballan xuntos, adoita ser para facer un cómic no que o literato fai o guión. Samuel Solleiro, di que “semella que é un xeito de lexitimar un medio, o tebeo, que está peor visto, e non creo que teña que ser sempre así. Introducir a narración en viñetas dentro da literatura tamén pode dar resultados interesantes, aínda que hai medo a facelo”. O único caso recente que se pode sinalar na literatura galega foi *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias Arauxo, na que o tebeo que está a ler un dos protagonistas insértase realmente nas páxinas desta novela curta. Segundo explica o propio autor, pertencente a unha xeración anterior á dos máis dos narradores citados neste texto, “no relato fálase da chegada da cultura de masas a Galicia, algo que eu vivín, e introducir o cómic dentro do libro foi un xeito de facelas máis presentes”. De xeito distinto a Lado e Rubín, Iglesias sostén que os dous medios, novela e banda deseñada, teñen un punto de enlace en que os dous son fundamentalmente narrativos, “a súa fin é contar

SEN UNHA INDUSTRIA CULTURAL FORTE, AS COLABORACIÓNS ENTRE AS DÚAS FORMAS ARTÍSTICAS SON COMPLICADAS

O DESCOÑECEMENTO MUTUO É UN DOS PRINCIPAIS OBSTÁCULOS PARA QUE ESCRITORES E HISTORIETISTAS TENDAN PONTES

historias, aínda que o fagan de xeito distinto, pois nos tebeos pesa máis a imaxe”. Por iso, pensa que podería haber colaboracións moi enriquecedoras entre unha e outra linguaxe, xa que hai en Galicia “escritores moi bos e debuxantes moi bos”. **INDUSTRIAS CULTURAIS** Por que non as hai? Pois porque “faltan industrias culturais que as integren”, segundo o autor de *Pan e coitelo*. “Nos países nos que hai un tecido industrial forte, as colaboracións son moi habituais, porque os axentes culturais as potencian. E onde non o hai, como en Galicia, pois todo queda no interese persoal”. Dende a súa propia experiencia, o debuxante e ilustrador Alberto Vázquez, autor de *Psiconautas* ou *El Evangelio de Judas* e colaborador de *El País*, chega a unha conclusión semellante. Este coruñés que desenvolveu fóra de Galicia case toda a súa actividade profesional afirma que “nunca tiven ofertas nin respostas positivas de ningunha editorial galega” que, agás excepcións, non fan grandes apostas polos tebeos. Marilar Aleixandre, tamén da mesma quinta que Iglesias, é da mesma opinión e lembra que nos países onde os cómics dan cartos, poden xurdir autores “como Neil Gayman ou Alan Moore”, que gañaron moito prestixio por ser guionistas de cómics. “As colaboracións, as veces, é mellor que estean tuteladas, porque podemos pensar que a certos debuxantes

lles iría mellor con alguén que lles escribise as historias, pero se non é el quen o solicita, a colaboración é imposible”. Pero sería distinto se un editor llo suxerira. Olalla Cociña, poeta que acaba de publicar hai pouco o seu *Libro de Alicia* e grande lectora de historieta, pensa que “sen falar de líderes, faría falta alguén que fixera de ponte entre os dous mundos”. Lembra que, sendo ela nova, en Viveiro, existía un grupo artístico no que participaban tanto escritores como historietistas. Diego Blanco e Alberto Vázquez, que veraneaba alí, atopábanse entre eles, ao igual que Brais Rodríguez, outro membro de Polaquia. “Todo iso, como experiencia persoal, era moi enriquecedor, pero fomos perdendo contacto cos anos”. Nos 70 e primeiros 80, cando a importancia política da cultura era maior e as fronteiras estaban menos definidas, si que houbo máis colaboracións entre os distintos campos da arte, pero hoxe, que os alicerces da cultura nacional están xa construídos, o transvase é máis complicado. Como resume a poeta María Lado, “diluíuse o nexo tan forte que era a lingua, e agora os autores de cómic están máis preocupados por traballar do seu que por facer tebeos en galego, unha postura que é perfectamente lexítima”, tendo en conta que a band deseñada é difícil de vender en España e Galicia. Aínda así ela, Rubín, Aleixandre, Bueno e Iglesias demostran que, cando se constrúen, as pontes da letra á viñeta poden ser sólidas. ■

